



Fun ó moíño debaixo,
deille a volta pó derriba,
o debaixo trai ferrollo,
e o derriba carabilla.

Tantos anos dur'ó cregho
colghado pola caralla,
como caghallas cagharon
as ovellas de Ghasalla.

A caralla é mingarallada
e os fillos milingallós-e
a caralla sete libras,
os fillos tres quartarós-e.

Tantos anos dur'ó cregho
colghado polos collós-e,
como caghallas cagharon
setecentos de castrós-e.

O muíño de meu pai-e
é moi malo d'entender-e,
cando está i-alto baixalo
cando está baixado ergher-e.

E ti telo, telo
e no queres dar,
e despois de vella
halo reghalar.